



Parlamento das Letras: Miguel Anxo Fernández

Publicado o [10/04/2013](#)

Miguel Anxo Fernández é o noso particular Totó e toda a súa escrita trae os mellores recendos da vella sala de proxección do Cinema Paradiso.

Porque entre imaxes, entre cámaras, foi avanzando a vida deste filmaniófilo do Carballiño, dacabalo sempre entre a lectura e os visionados, ata establecer un contínuum que fai da súa prosa un artefacto cinematográfico no que cada plano, cada secuencia, cada escena compoñen unha vívida homenaxe aos soños que, como nos mellores filmes, deambulan polo seu maxín.

E cómpre dicir que os tales onirismos recuncan acotío no histórico antinapoleónico e liberador e, sobre todo, no noir do seu máis que xenuíno Frank Soutelo, investigador atípico e singular ao que lle corre polas veas tanta caña coma bourbon.

Porque, xa se sabe, Fernández non esquece os mestres e lembra perfectamente o que sentenciaba Hitchcock: existe algo ben máis importante que a lóxica: a imaxinación. A mesma coa que este carballiñés vive, intensa e literariamente, cada minuto.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Realmente a miña primeira publicación foi en prensa, un texto sobre cine no Carballiño, e pode que fora en *La Región*, alá por 1977 ou 1978 (andaré ese artigo por algún lugar da casa...), e moi pouco despois comecei a publicar xa regularmente unha crítica semanal en *La Voz de Galicia*, delegación de Ourense. Con vinte e poucos anos... Despois fun publicando textos breves, igualmente sobre cine e o cineclubismo, en libros colectivos ó longo dos 70. O primeiro libro co meu nome na portada, para entendernos, foi un de fotografías antigas do Carballiño, *O Carballiño, vellas historias, vellas fotografías. 1870-1970* (Xociviga, 1992). A ese seguiríanlle outros. O que é ficción, o comezo foi tardío, cos relatos de *O sabre do francés*, en 2002, a piques de facer 48 anos...

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Resposta nada doada. Estou moi satisfeito de *O sabre do francés*, polo traballo que me deu, pois por ser ficción histórica, precisou de moita documentación. Por sorte, pese a ser un principiante, tivo unha acollida crítica boa. Teño especial querenza por *Capitol, última sesión*, relatos arredor do cine, con algunha chisca de experiencias vividas. Paradoxalmente, non tivo a repercusión agardada e tampouco a crítica lle prestou demasiada atención. Non sabería dicir a razón... Despois, *Un nicho para Marilyn*, a orixe do sabuxo Frank Soutelo, que chegou avaliada polo premio García Barros e para o que, aínda así, houbo de todo, pese a ser un pequeno best-seller

con máis de tres mil exemplares vendidos. O estigma de que a literatura de xénero xoga na segunda división da Literatura tocoulle só de lado... Con todo, non deixo de sentir unha certa condición de intruso na República das Letras. Veño do mundo do cine, do audiovisual, e non podo evitar sentirme así.

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Non sei se responderei a isto de xeito atinado, pero teño unha máxima innegociable: escribo cando me peta e cando me sinto animado. Quero dicir que rexeito o modelo de escritor disciplinado, o de horario fixo, caían chuzos de punta ou teñas unha dor de moas... Outra cousa: nunca comezo unha historia se previamente non dou cun bo remate. Armo a sinopse de dous ou tres folios e despois “ráchoa” en parágrafos que serán os futuros capítulos. Como ves, nada orixinal.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Ai, non, a isto non chego... Aínda non me fago á idea de pertencer a esta República, pese a ter catro novelas no lombo e dous volumes de relatos. Non se trata de baixa autoestima, nin moito menos. Tampouco de impostura ou falsa modestia. É que a figura do escritor sempre me pareceu de moito respecto, como inalcanzable. Os de aquí e os doutras linguas. Ás veces detéñome a reflexionar sobre a tipoloxía autorial. Hainos que poñen o seu ego como parapeto, outros amósanse gabanciosos desa condición. Tamén os hai que publican textos nos que non dou entrada, a risco de rematar con acidez de estómago. E, claro, hainos dunha calidade tal que me fan sentir un escritor amador. Por iso prefiro quedarme en sinxelo contador de historias, na procura dunha comunicación limpa e directa co lector. Finalmente, considerando a miña moi tardía incorporación á Literatura, non sabería onde colocarme. Segundo o criterio biolóxico (ou xeracional, se se prefire) son da metade dos 50, da mesma de Manuel Rivas, Suso de Toro, mesmo Reixa e algún máis, pero entenderás que nin me atreva a compararme con eles. Sentírame coma o tipo que se coa sen pagar...

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Hummm... Regreso ao afirmado antes: son un contador de historias que usa a lingua propia porque nacín con ela nun contorno respectuoso e practicante. Fóra diso, son consciente de que rematarei tendo un oco cativo no negociado da literatura de xénero no noso país, apartado novela policial, por mor de Frank Soutelo. Iso é bo? Non teño reparo en sentirme moi a gusto se iso ocorrera. Hai quen persegue a Gran Novela Galega como un Santo Grial, pero a min bástame con que os meus lectores (poucos, moitos ou *mediopensionistas...*) gocen das miñas historias. Somos conxunturais, non o esquezamos. Escribimos sobre o noso tempo para o noso tempo. Sei (lei de vida) que á volta de pouco haberá exemplares de títulos meus nas chamadas librarías de vello ou “de lance” e tiradas de prezo; como sei tamén que dentro de 20, 30 anos, ninguén se acordará deste autor, así que non ando na procura da inmortalidade. Non me verás nesa teima, así que dou por seguro que nas Historias da nosa literatura, nunca terei foto nin miles de caracteres... Traxectoria? Foi un paso progresivo do ensaio e da investigación histórica cinematográfica ata a ficción, sen renunciar á alternancia en ambos campos.

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Son dos que leo dous, tres libros á vez, alternando, sen conflitos, ficción e historia e ensaio audiovisual. Na novela policial, son fiel a moitos autores europeos do momento (Petros Márkaris, Henning Mankell, Fred Vargas, Andrea Camilleri, Donna Leon...), tamén norteamericanos

(Michael Connelly, James Ellroy...) e españois (Francisco González Ledesma, Andreu Martín...), e regreso puntualmente aos clásicos norteamericanos con Raymond Chandler, Dashiell Hammet, Ross MacDonald.... Nos últimos meses hai un libro ao que regreso de cando en vez: *Nadie acabará con los libros*, a conversa entre Umberto Eco e Jean-Claude Carrière, un libro que debería ser de lectura obrigada no Bacharelato, por exemplo.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Quizais se edita demasiado (aínda que son partidario de non coartar a quen queira publicar, que para iso, por fortuna, as Redes son unha canle perfecta, como a autoedición), pero non son un experto no tema. Boto de menos unha modernización “real” do sector editorial, vexo que teñen a autoestima polo chan, que non asumen a pertenza a un mercado que vai máis rápido ca eles e que non queda outra que someterse e asumir as leis da competencia. Quero dicir, ser agresivos e imaxinativos nos lanzamentos, facerse ver e facerse valer. Mesmo darlle un *cambiao* ás edicións, demasiado antigas, quedáronse nos anos oitenta... Desaníame moito ver nos andeis como “resalta” o libro español fronte ao galego, pero non tanto por espazo (que tamén), senón por imaxes atractivas, deseños para o XXI, tipografías máis doadas, en fin. Certo que o acoso ao galego e a indiferenza das institucións (públicas como privadas, que tirar só contra a Administración é un tópico que cómpre virar), vai na súa contra, pero tampouco entendo, por exemplo, por que as editoras galegas non asumen o mercado noutras linguas, mesmo o español como alternativa para mellorar a conta de resultados. En fin, son as opinións dun profano, pero cústame entender tamén por que non temos axentes literarios e por que moitos dos nosos autores e obras non acceden a mercados máis alá do galego. Hai pendente unha revolución.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

O que teño moi claro é que nunca farei a Gran Novela Galega, iso seguro. Pero recoñezo que teño unhas cantas sinopses que me gustaría converter en novelas... de papel, que non me dou acostumado ao e-book. Seguirei con Soutelo (agora mesmo teño material para catro ou cinco títulos futuros), teño un par de novelas (unha comedia e un thriller rematados, pero inéditos) e unha novela histórica ambientada no século X, cando a invasión viquinga de Gunderedo, pero non dou atopado tempo para poñerme a ela, e iso que documentación teño abondo...

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Penso que estamos nun bo momento creativo, pero outra cousa é o mercado e a difusión. Nese eido os atrancos son moi serios. A lousa da crise trouxo como consecuencia serias convulsións no sistema editorial e, polo mesmo, unha depresión que é tan económica coma de autoestima. Un escritor galego parécese cada vez máis a un francotirador. O tema daría para moito, e non é o caso.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Recorrer ao mantra que percorre esta conversa: a necesidade de agarrar o boi polos cornos e levalo na dirección dos novos tempos, aparcando prexuízos clasistas, abeirando reservas estériles a algunhas prácticas do mercado, asumindo que o libro galego tamén é un produto e debe xogar coas súas leis, e mesmo potenciando a literatura de xénero (e máis de quiosco) para chegar a máis lectores. Son da opinión de que non hai cousa peor que o onanismo literario e as prácticas endogámicas. A saber se tamén haberá que combatelos...